

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15033101	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	6º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	90
4.2. Materiais e recursos didácticos	92
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	94
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	94
6. Medidas de atención á diversidade	95
7.1. Concreción dos elementos transversais	96
7.2. Actividades complementarias	96
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	97
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	98
9. Outros apartados	98

## 1. Introducción

Neste documento presentamos unha programación didáctica para a etapa de Educación Infantil a desenvolver durante o curso académico 2023-2024. O enfoque metodolóxico fundamental é a globalización, polo que se establecen vínculos continuos entre as diferentes áreas e diferentes idades, así como a coordinación docente de todo o profesorado que imparte docencia no ciclo.

Consideramos fundamental para levar a cabo a labor docente establecer un plan de actuación que se recolle neste documento, para evitar así o azar, a improvisación e os tempos mortos, aínda que en todo momento partimos dun modelo de programación aberto e flexible, en continua revisión ou modificación, en función dos resultados obtidos e das necesidades amosadas polo alumnado facendo uso da autonomía pedagóxica recollida no actual modelo educativo.

Esta programación didáctica constitúe un terceiro nivel de concreción curricular. Para elaborala temos en conta as características do contorno onde se atopa ubicado o centro, as características do alumnado que asiste ao mesmo e a concreción curricular establecida a nivel de centro, como parte integrante do novo P.E., que a súa vez se adapta ao establecido no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Teremos en conta tamén o Decreto do Plurilingüismo (Decreto 79/2010) así como as Instrucións sobre o Decreto do Plurilingüismo, polo que fomentaremos que o noso alumnado acade a competencia en comunicación lingüística en ámbalas dúas linguas oficiais, así como nunha estranxeira seguindo as indicacións do Proxecto Lingüístico do centro.

É importante tamén recoller a Orde do 30 de maio do 2023 que desenvolve o Decreto de currículo de infantil na nosa comunidade e regula a avaliación nesta etapa educativa que di textualmente "A programación didáctica é un instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante dos equipos docentes do ciclo" e será elaborada "por niveis educativos para cada unha das áreas e será a mesma para todos os grupos del nivel".

A etapa de educación infantil noso centro está formada por 4 aulas mixtas con alumnado dos tres niveis. E estas programación foi elaborada por todas as docentes e as especialistas que imparten docencia dentro deste ciclo.

Esta programación desenvolverase no curso escolar 2023-2024 no 2º ciclo de Educación Infantil do CEIP Plurilingüe de Outes, nun contexto rural, que conta con 4 aulas mixtas con:

- Grupo A con 18 nenos e nenas.
- Grupo B con 17 nenos e nenas.
- Grupo C con 17 nenos e nenas.
- Grupo D con 15 nenos e nenas.

No ciclo interveñen o seguinte equipo de mestras:

- Catro titoras.
- Unha persoa docente de apoio que imparte.
- Unha persoa docente especialista en lingua inglesa.
- Unha persoa docente de relixión católica. O alumnado cuxa opción sexa a atención educativa permanecerá coa persoa de apoio en todos os grupos.
- Unha persoa docente especialista en EF.
- Unha persoa docente especialista en música.

Neste curso realizarase novamente unha valoración do alumnado susceptible de apoio pedagóxico en colaboración co departamento de orientación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1							
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.					1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1							
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1							
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.		1						1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1			
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o bienestar emocional e a seguridade afectiva					1			
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable						1		
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1				1	
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1				1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.						1		
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.					1	1		1

## Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Eu son...	Nesta secuencia centrámonos nos aspectos da propia persoa e todo o que a rodea, comezando polo nome propio e o traballo do control das propias emocións e as relacións cos demais (normas das de aula), así como as celebracións dos seus aniversarios seguindo a Montessori. Continuaremos abordando aspectos relacionados coas súas familias (nomes, formación da familia, reflexións...).	100	X	X	X
2	O paso do tempo	Traballaremos conceptos relacionados co tempo vivido e percibido a través do manexo do calendario da aula (tempo atmosférico, gráficas, días da semana, meses...) e das rutinas diarias.	40	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Vivindo as mates	Realizaremos unha secuencia diaria de matemáticas manipulativas partindo da realidade diaria dos nenos e nenas baseada en actividades e xogos matemáticos en gran grupo, pequeno grupo ou individuais. Traballando a través de materiais ABN e recursos do día a día (froita da merenda, dados, cartas, cartos das saídas, espazos da aula ou do centro e outros recursos materiais...).	100	X	X	X
4	O protagonista do conto	Secuencia que se desenvolve cada quince días na que os nenos e nenas escoitan atentamente un conto, posteriormente reflexiónase sobre as distintas características físicas da personaxe principal (formas, cores, etc.) e para finalizar cada neno e nena realizará o seu propio personaxe graficamente.	35	X	X	X
5	Outes con memoria	Traballaremos distintos aspectos que partirán do PDI de centro a través do que abordaremos distintos aspectos culturais do noso entorno partindo de tres aspectos fundamentais: folclore, patrimonio natural e patrimonio monumental.	83	X	X	X
6	A nosa horta	Actividades de traballo na horta, coidado e mantemento do espazo en comunidade.	32	X	X	X
7	Xogo e luz	Traballar as propiedades da luz e as dos obxectos asociando formas, cores... xogando cos espazos e con diferentes materiais e propostas.	75	X	X	X
8	Prácticas de vida	Actividades de vida práctica que se desenvolven na aula partindo de espazos e actividades propias dos nenos e nenas (cociñado, o mercado, o salón de peiteado, o coidado, clínica médica).	80	X	X	X
9	Arte-llando	Experimentación de actividades plásticas, artísticas e manipulativas a través de diferentes obradoiros e propostas nas que se ofrece gran variedade de material artístico e manipulativo que axude aos nenos e nenas a utilizar o arte como medio de expresión da súa creatividade.	80	X	X	X
10	Naturalia	Aproximación ao coñecemento da natureza a través do xogo, a experimentación, o coidado e a observación con materiais naturais, representacións de animais, recursos como a auga, etc.	80	X	X	X
11	Cóntame un conto	Secuencia de sistema de escritura a partir de distintos contos.	35	X	X	X
12	Textos	Secuencias didácticas puntuais sobre diferentes tipos de textos: - Texto descriptivo. - Texto narrativo. - Texto expositivo. - Texto instructivo.	100	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Eu son...	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa activamente nas conversas de aula	TI
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Recoñece o seu corpo en situacións de movemento	
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Identifica as diferentes partes do seu esquema corporal	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Identifica as súas necesidades vitais (fame, sono...)	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Toma a iniciativa nas súas actuacións	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Controla o seu corpo en relación ao espazo	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa nos xogos dirixidos atendendo as normas do xogo	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica as diferenzas e respeta aos seus iguais	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese por comunicarse en diferentes linguaxes	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica os seus sentimentos e emocións	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Amosa confianza en sí mesmo	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Amosa estratexias para canalizar a frustración	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Mostra interese pola adquisición de novo vocabulario en ambas linguas	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora o uso das diferentes linguas	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Identifica as súas necesidades e iníciase no control das mesmas	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Tolera os erros e comeza a resolver problemas da vida diaria	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Comunicase cos demais de maneira verbal en diferentes linguas	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda cando o precisa e axuda aos iguais	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Comparte experiencias persoais cos demais	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Expresa sentimentos e emocións	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Realiza de forma satisfactoria os hábitos de hixiene e utiliza correctamente os diferentes espazos	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Utiliza a lingua como medio de resolución de conflitos	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Fai actividades de coidado persoal de forma autónoma (lavado de mans, sonarse, poñer e secar roupa, calzado, mochila)	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Participa nas conversas de aula e comparte as súas reflexións cos demais	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Coñece as normas de comportamento e funcionamento das dinámicas das aulas	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Identifica a súa familia e a escola como distintos grupos sociais	



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Anticipa, coñece e participa nas rutinas diarias	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Valora a importancia da escola como ámbito de relacións sociais	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Identifica aos membros da súa familia e as dos compañeiros	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participa en xogos colectivos respetando aos demais	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Respeta as normas da aula e aos compañeiros	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Amosa interese por resolver os conflitos cos iguais mediando a través do diálogo	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Participa nas actividades de reflexión comunicando as súas emocións	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa e mostra interese polas actividades musicais	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Respeta as producións dos demais	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Comunica as súas opinións e preferencias	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Disfruta utilizando o seu corpo como medio de expresión	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Amosa respecto polas producións alleas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> </ul>

## Contidos

- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos e control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Relacións de parentesco.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- A escola.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> <li>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.</li> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.</li> <li>- Respecto polas producións alleas.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O paso do tempo	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa activamente nas conversas de aula	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai a correspondencia entre número e graffía	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Utiliza de xeito correcto os materiais das tarefas cotiás	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Mostra interese pola adquisición de novo vocabulario en ambas linguas	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Utiliza a lingua como medio de resolución de conflitos	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Participa nas conversas de aula e comparte as súas reflexións cos demais	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Coñece as actividades cotiás da aula	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Mostra iniciativa de cara a resolución de tarefas da vida cotiá	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Interésalle a comunicación a través de códigos escritos convencionais ou non	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetas as normas da aula	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Amosa respecto polos demais na realización das tarefas cotiás	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa nas conversas en grupo e mostra interese pola recollida de datos	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Utiliza distintas técnicas de resolución de conflitos	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.</li> <li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Vivindo as mates	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Realiza agrupamentos de obxectos tendo en conta algunha das súas calidades	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Aplica cuantificadores básicos nos contextos de xogo	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Asocia números e cantidades	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica formas geométricas básicas en elementos do entorno	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñece situacións nas que se precisa de distintos elementos de medida	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Utiliza nocións temporais básicas ao expresar vivencias persoais	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñece situacións nas que se precisa de distintos elementos de medida	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Toma a iniciativa de cara a resolución de problemas	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Observa e participa activamente na realización de experimentos con distintos materias ou elementos	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Amosa curiosidade e aporta solucións en resposta aos diferentes retos que se lle propoñen	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Coñece as normas de comportamento e o funcionamento das dinámicas das aulas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Diferencia entre formas escritas e outras formas de representación gráficas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e

## Contidos

- comparación.
- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.

UD	Título da UD	Duración
4	O protagonista do conto	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representa graficamente diferentes obxectos	TI
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Utiliza a lingua como medio de resolución de conflitos	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Comparte as súas vivencias cos demais	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Amosa interese por comunicarse de xeito escrito	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Amosa cada vez máis control nas actividades grafomotrices	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa nas conversas en grupo	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Amosa unha escoita atenta nos momentos de lectura	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comprende mensaxes en diferentes representacións (artísticas, dixitais)	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Coñece as posibilidades da comunicación plástica para emitir mensaxes	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comprende mensaxes en diferentes representacións (artísticas, dixitais)	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Exprésase de forma creativa	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.</li> </ul>

## Contidos

- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
5	Outes con memoria	83

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa activamente nas conversas da aula relacionadas co proxecto	TI
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Amosa interese pola adquisición de novo vocabulario en ambas linguas	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora a linguaxe da contorna	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese por coñecer outras linguas	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Iniciase con interese no respeto e cordado do entorno	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Utiliza a lingua como medio de resolución de conflitos	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece elementos característicos do patrimonio cultural próximo	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Observa e identifica algunhas das diferentes características de animais e prantas	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Comparte as súas vivencias cos demais	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Valora a necesidade do respecto hacia os demais seres vivos	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Amosa interese por comunicarse de xeito escrito	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Relaciónase socialmente de forma satisfactoria	



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetas as normas da aula	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa nas conversas en grupo e Amosa interese pola recollida de datos	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Distingue algúns dos oficios tradicionais da contorna	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Amosa interese polo patrimonio cultural da contorna	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Coñece elementos característicos do patrimonio galego	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Amosa interese por resolver os conflitos cos iguais mediando a través do diálogo	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Amosa interese por coñecer a cultura do seu entorno	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Coñece os espazos da biblioteca e utilízaa como medio de obtención de información	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa os seus gustos e opinións sobre diferentes manifestacións artísticas	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Mostra interese polo uso de ferramentas virtuais	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> </ul>

## Contidos

- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
6	A nosa horta	32

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Aplica cuantificadores básicos nos contextos de xogo	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Asocia algúns números da cadea numérica a súa grafía.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñece situacións nas que se precisa de distintos elementos de medida	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Observa e participa activamente na realización de experimentos con distintos materias ou elementos	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Amosa interese polo manexo autónomo de obxectos, útiles e ferramentas de xogo	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Iniciase con interese no respecto e coidado do entorno	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Identifica cambios na natureza	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Recoñece elementos naturais básicos na nosa vida (auga...)	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Identifica elementos característicos da nosa comunidade	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Utiliza a lingua como medio de resolución de conflitos	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Recoñece a importancia do coidado aos seres vivos	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Coñece as normas de comportamento e funcionamento das dinámicas das aulas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Amosa interese por comunicarse de xeito escrito	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Coñece os espazos da biblioteca e utilízaa como medio de obtención de información	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Expresa de maneira creativa.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura</li> </ul>

## Contidos

- da paz.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
10	Naturalia	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Aplica cuantificadores básicos nos contextos de xogo	TI
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñece situacións nas que se precisa de distintos elementos de medida	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Amosa interese pola adquisición de novo vocabulario en ambas linguas relacionado co seu entorno natural	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Observa e participa activamente na realización de experimentos con distintos materiais ou elementos	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Amosa interese polo manexo autónomo de obxectos, útiles e ferramentas de xogo	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Respecta o seu entorno	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Utiliza a lingua como medio de resolución de conflitos	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Identifica dentro do centro e no seu entorno próximo diferentes formas de coidado da contorna	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Coñece as normas de comportamento e funcionamento das dinámicas das aulas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Interese por comunicarse a través de código escritos convencionais ou non	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Coñece os espazos da biblioteca e utilízaa como medio de obtención de información	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.</li> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Os seres vivos e as súas características.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	Cóntame un conto	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa activamente nas conversas da aula relacionadas coa lectura do conto	TI
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Amosa interese pola adquisición de novo vocabulario en ambas linguas extraído doia lectura dos diferentes contos.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Identifica sons propios da nosa lingua	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Utiliza a lingua como medio de resolución de conflitos	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Participa nas conversas de aula e comparte as súas reflexións cos demais	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Interese por comunicarse a través de códigos escritos convencionais ou non	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Desenvólvese con habilidade nas actividades grafomotrices	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa nas conversas en grupo e amosa interese pola recollida de datos	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Coñece os espazos da biblioteca e utilízaa como medio de obtención de información	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Amosa unha actitude de escoima atenta nos momentos de lectura	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa interese na lectura de diferentes textos	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> </ul>

## Contidos

- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.

UD	Título da UD	Duración
12	Textos	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa activamente nas conversas de aula relacionadas co traballo dos textos	TI
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Amosa interese pola adquisición de novo vocabulario en ambas linguas extraído da escoita activa dos textos.	



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Disfruta participando nas actividades de experimentación, reflexión, formulación de hipótesis, creación de prototipos e manipulación de elementos matemático	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Discrimina distintos sons da lingua e inclúeos no seu repertorio comunicativo.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Participa nos momentos de faladoiro buscando maior coherencia no seu discurso en cada intervención.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Establece un diálogo cos iguais amasando seguridade e confianza	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Participa nas conversas de aula e comparte as súas reflexións cos demais	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Desfruta intercambiando mensaxes escritos con outras persoas	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica algunhas das partes fundamentais dos textos traballados na aula.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Prograsa na adquisición de control grafomotriz.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa nas conversas en grupo e amosa interese pola recollida de datos	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Aprecia a función comunicativa das distintas linguaxes	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Mostra interese e participa nas actividades de traballo das distintas tipoloxías textuais.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Coñece os espazos da biblioteca e utiliza como medio de obtención e información	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> </ul>

## Contidos

- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A nosa práctica educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e de cada neno nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social.

Comezará polo establecemento dun apego seguro, garantindo unha transición positiva desde a contorna familiar á escolar, así como a continuidade entre ciclos e etapas.

Dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo como elementos esenciais e naturais dos nenos e nenas nesta etapa.

Propoñeremos situacións de aprendizaxe contextualizadas a partir das súas propias experiencias e coñecementos previos para garantir a significatividade, que permitirá aplicar o aprendido nunha situación a outras situacións e contextos diferentes.

Traballaremos de xeito globalizado combinando aprendizaxes das tres áreas de xeito progresivo para acadar os obxectivos establecidos para cada unha delas tendo presentes as competencias clave e as liñas de actuación que se establecen, configurando propostas globalizadas de aprendizaxe estimulantes e que teñan interese e significado para

as nenas e os nenos.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- A concepción de unidades didácticas coma proxectos globalizados ou secuencias de aprendizaxe nos que se plantexarán situacións de aprendizaxe nas que poderán resolver un problema, expresarse a través de diferentes linguaxes ou facer un produto social relevante. Haberá que levar a cabo pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso.

- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos e de gran grupo como:

1. Actividades individuais: Este agrupamento será o menos empregado na organización da aula porque, aínda que a proposta a desenvolver teña carácter individual, nunca será nun contexto de soedade, sempre haberá unha compañeira ou compañeiro cerca en disposición de intervir e interactuar. Realizaremos propostas individuais de xogo nas distintas aulas distribuídas en bandexas que iremos modificando ao longo do curso, nestas traballarán actividades de lóxica, de acercamento a natureza, artísticas e de vida práctica que favorecerán o desenvolvemento motor, cognitivo e social, potenciando a autonomía persoal.

2. Actividades en parellas. Utilizaremos este agrupamento para potenciar e aproveitar a interacción entre iguais provocando a necesidade de argumentar, reflexionar, falar, discutir, convencer, ceder, resolver.

3. Actividades en pequeno grupo, actividades de xogo libre nas diferentes zonas da aula e actividades de de traballo específico en pequeno grupo coa supervisión e intervención da persoa docente relacionadas coa secuencia didáctica ou proxecto que se está desenvolvendo.

4. En gran grupo serán:

- Rutinas de entrada (saúdo, tempo atmosférico, día da semana, mes e número, identificación do nome da encargada, recoñecemento d inicial).

- Actividades de lectura e escritura: lectura de textos de diferentes xéneros e escritura libre e espontánea.

- Conversas variadas sobre distintos temas, vivencias persoais, conflitos, normas de convivencia e de cortesía (como respectar turnos).

- Resolución de problemas con ferramentas do día a día.

- Xogos da linguaxe oral: poesías, adiviñas, trabalinguas... etc.

- Dramatización e seriación de contos.

- Realización de agrupamentos, seriacións, clasificacións...

- Asociación de grafías numéricas a diferentes grupos de obxectos.

- Actividades grupais de psicomotricidade: desprazamentos, equilibrios, control de movementos, relaxación, xogos con distintos materiais (aros, pelotas, cordas, colchonetas), respectando as regras do xogo... et.

- Estará moi presente no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significatividade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais.

- Nesta programación empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes.

- Destacarán os espazos de aprendizaxe coidadosamente deseñados e organizados de xeito estético, nos que se ofrecerán sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades e que xeneren interese no propio alumnado.

- Contaremos con espazos amplos que permiten satisfacer a necesidade de movemento desta etapa. Ademais realizaremos propostas que impliquen a práctica de máis específicos permitíndolle tomar conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do esquema corporal.

-A organización temporal será flexible e variará ante circunstancias especiais como saídas, visitas, conmemoracións e outras celebracións.

- O alumno iniciárase no emprego de ferramentas tecnolóxicas de forma transversal de maneira responsable, minimizando a exposición ás pantallas.

- Fomentaremos a creatividade do alumnado enfrenteando a situacións problemáticas e propostas STEAM. Así realizaremos propostas nas que aprendan facendo, que requiran de observación, manipulación, exploración, reflexión e poñer en xogo diferentes habilidades de pensamento e motoras.

-Darémolle ao noso alumnado oportunidades para que realicen actividades de forma autónoma, tomen a iniciativa, planifiquen e secuencien a propia acción. Para iso as docentes distribuiremos distintas propostas de forma que poidan

moverse libremente polo espazo das distintas aulas escollendo libremente de entre as opcións dispoñibles en cada momento.

-O erro será parte da aprendizaxe, crearemos un clima de aceptación e respecto mutuo no que equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, no que cada neno e nena se sintan retados e ao tempo con confianza para pedir axuda.

-Reforzaremos en todo o alumnado a súa autoestima, valorando as súas capacidades e facendoo conscientes das súas limitacións, proporcionándolles pautas para progresar na adquisición de habilidades sociais.

- Como docentes situarémonos a miúdo á expectativa, cunha actitude de espera con respecto ás respostas do alumnado e cunha actitude de escoita activa.

- Ofreceremos un modelo de linguaxe rico e correcto, xa que a competencia lingüística da nena ou neno depende da calidade e riqueza da linguaxe que escoita ao seu arredor.

- Exerceremos como modelo de escritor/a e lector/a competente, pero non como unha práctica pouco programada senón de maneira sistemática, escribindo notas informativas, recollendo propostas, escribindo textos colectivos e individuais, cartas, textos científicos e seremos modelos lectores a través da lectura de contos, xornais e outros tipos de textos.

- Planificaremos situacións que supoñan para o alumnado pequenos retos que actúen como estímulo para avanzar, evitando as valoracións negativas e destacando as posibilidades das nenas e nenos para ir superando as dificultades pouco a pouco e promovendo os logros e as competencias.

- Propiciaremos experiencias onde teñan cabida as relacións con outros nenas e con nenos do centro e con persoas adultas, así como co seu entorno cultural próximo, achegando ao alumnado a elementos identitarios .

- Promoveremos o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se xorda ou se esté investigando na aula, facendo especial fincapé na reflexión sobre os valores sociais.

- Seremos prudentes á hora de facer valoracións sobre as producións infantís para preservar a espontaneidade da creación fronte aos estereotipos e aos criterios preestablecidos de beleza ou perfección fomentando así a creatividade.

- Unha das tarefas docentes máis importantes é a creación dun ambiente de confianza, cálido, acolledor e seguro no que o alumnado se sinta querido e capaz, o que lle permitirá xerar confianza en si mesmo para afrontar os retos e para adquirir os instrumentos e as estratexias que lle permiten acceder ao coñecemento.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot,), reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículo, P.E....
Material artístico: pinturas, arcilla, refugallo, luces de distintas cores, títeres
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa ( Alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)

Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)

Instrumentos musicais.

Na práctica educativa que levaremos a cabo é importante o emprego de diversos materiais e recursos didácticos como os mencionados.

Estos serán utilizados dentro dos distintos espazos do noso ciclo, entendo o ambiente de aprendizaxe como un terceiro educador, pensado por e para os nenos e nenas, que respete as súas necesidades garantindo a súa flexibilidade. Será organizado de forma que posibilite que o alumnado dispoña de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sos ou para xogar e relacionarse cos demais, espazos para actividades que requiren unha certa concentración e calma e espazos amplos que faciliten o movemento.

Contamos con catro aulas que contan con espazos comúns como:

**Zona de asamblea:** espazo principal da aula no que se desenvolve a competencia comunicativa porque nel falamos, lemos, escoitamos, propoñemos, planificamos, respectamos, o alumnado colócase en forma de U para poder ver sempre as caras e expresións cas compañeiras e compañeiros no intercambio comunicativo.

**Zona de propostas de actividades:** hai varias subzonas, a de traballo individual, parellas, grupos.... Esta zona tamén é empregada para a merenda.

**Zona de bandexas:** pensada para que os alumnos e alumnas poñan en funcionamento a súa capacidade de traballo e concentración. Trabállase con bandexas individuais na que prima o traballo manipulativo. Estas bandexas varíanse cada certo tempo e estarán especializadas segundo a temática de cada aula.

**Zona da biblioteca:** este espazo está destinado ao uso, manexo, descubrimento, lectura (convencional ou non), de todo o que teña relación cos textos escritos. A biblioteca está dotada de libros de contos, libros de poemas, libros e dossieres elaborados polo alumnado, e o maior número posible de xéneros textuais en distintos soportes, haberá un espazo en cada aula.

**Zona de escritura:** Na aula tamén teremos este recanto cas tarxetas cos seus nomes, folios, libretas, lápices, rotuladores, e todo aquel material que facilite e invite á escritura (convencional ou non).

**Zona de Tics:** Este espazo está destinado ao uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación. O ordenador é un recurso que forma parte do noso sistema de traballo pero que na aula non podemos empregar como procesador de texto por parte do alumnado por dispoñer de só un por aula. Utilizámolo co apoio do cañón de vídeo na búsqueda de información, en lecturas colectivas de textos que precisan o visionado simultáneo coa lectura (cómics, banda deseñada...)

E zonas propias de cada aula, onde haberá propostas didácticas temáticas (que irán variando ao longo do curso) como:

**Aula de vida práctica:**

**Zona do xogo simbólico:** pensando na necesidade que teñen as nenas e nenos de experimentar e desenvolver roles, imitar condutas dos maiores e dos iguais. Neste espazo temos unha consulta médica, un supermercado, unha habitación e bañeira para o coidado de bebés, unha cociña coa súa mesa, un espazo para facer actividades de vida práctica (moer café, facer zume, amasar fariña...) e cada espazo contará con material referente ao mesmo: utensilios de cociña, froitas, envases..., monecos, roupa, plancha, bañeira, esponxa, unha cama que fará de camilla médica, un estetoscopio...

**Aula de lóxica matemática e luz que terá:**

**Zona de construcións:** empregado polas nenas e nenos para construír e deconstruír. Poden empregar calquera material que potencie esas habilidades: caixas, cubos, pezas de madeira, bloques, coche, animais, etc.

**Zona lóxica-matemática:** dispoñeremos nela material que potencie o pensamento lóxico-matemático e invite a xogar

empregando a numeración, a xeometría e a resolución de problemas: regras, cintas métricas, balanzas, calendarios, dados, cartas, parchís, pezas soltas...

Zona de luz: con propostas sensoriais donde podan traballar coas propiedades da luz e das sombras. Haberá lintermas, focos, proxector, mesas de luz, pezas soltas, luces led...

Aula de natureza:

Zona de construción: onde haberá distintos elementos naturais ademáis de materiais de refugallo.

Zona da granxa: de xogo simbólico cos animais da granxa.

Zona de auga: onde poderán experimentar coas propiedades da auga, mestura de cores, trasvases,... utilizando materiais como recipientes de distintos tamaños, pipetas, vasos, cubetas, pezas de animais, materiais de distintas cualidades...

Zona de natureza: onde contarán cunha mesa de vivenciación da natureza con propostas que irán cambiando como plantación de semillas ou plantas, cuidado de plantas, debullar millo, vaciar cabazas... Haberá tamén unha zona de observación onde poderán contemplar distintas propostas relacionadas co entorno natural próximo e propostas de creación de composicións, dibuxo, etc.

Aula de arte:

Cunha zona dedicada a pintura onde contarás con: acuarela, o seu propio bloc de debuxo, spray de pintura, témperas, caballetes e un banco de pinturas.

Zona de modelado e secado: con materiais como barro, pasta de modelar, figuras para o modelado, rodillos, etc.

Zona de exposición: onde os nenos e nenas poderán exhibir as súas obras.

Espacio para dibuxar: con materiais como rotuladores, tizas, espello, metacrilatos, etc.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Levaremos a cabo unha avaliación global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.

A avaliación nesta etapa serviranos para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaremos como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas que especifica o currículo de educación infantil.

A avaliación inicial do alumnado comprende unha entrevista coas familias dos nenos e nenas; un informe individual da adaptación á escola dos cativos de novo ingreso; e observación e rexistro da información recollida por parte da titora no inicio da escolarización.

Toda esta información trasládase aos demais membros do equipo de ciclo, coa finalidade de obter unha boa coordinación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### **Criterios de cualificación:**

Para rexistrar os progresos e dificultades do alumnado utilizaremos distintas rúbricas que iremos mellorando e adaptando ao longo dos trimestres.

En cada unha das avaliacións entregárase o boletín informativo ás familias coas calificacións dos nenos e nenas: con dificultade: nos casos nos que realmente vexamos algunha dificultade e a necesidade de intervir, como mínimo con medidas de carácter ordinario.

en proceso: para sinalar que consideramos que existe a posibilidade de mellora no item de avaliación correspondente.

sen dificultade: cando teña adquirido o item en cuestión.

Elaboraremos ademais un mínimo de dous informes individuais do alumnado ao longo do curso, no que desenvolveremos os seus progresos nos aspectos que cremos que poden ser tescables, adaptándonos a cada neno e nena en particular (autonomía, psicomotricidade, lecto escritura, lóxica matemática, relacións cos compañeiros, comportamento...).

### **Criterios de recuperación:**

Non

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Cada neno ou nena é unha persoa única e irrepitible, coa súa propia historia, afectos, motivacións, necesidades, intereses, estilo cognitivo, sexo, et. Isto esixe que a escola ofrezca respostas adecuadas e adaptadas a cada criatura. É necesario que a persoa titora, considerando e respectando as diferenzas persoais, planifique o seu traballo de forma aberta, diversa, flexible e positiva, para que ao levarse á práctica permita acomodarse a cada persoa, potenciando ademais os diversos tipos de intereses que aparecen en nenos e nenas cando se centran en propostas de diferente estilo cognitivo: emocional, experimental, comunicación, motórico, expresión.

A atención á diversidade abordárase con carácter preventivo e compensador, introducindo as medidas necesarias tan pronto se detecten as necesidades.

As estratexias de actuación abordáranse a través dos seguintes enfoques:

Desde a avaliación inicial.

Desde a programación.

En base á información recabada elaboráranse as programacións de ciclo, nivel e aula. Levarase a cabo unha avaliación procesual que permita introducir posibles cambios á medida que se vaian detectando necesidades.

Desde a metodoloxía, empregáranse os seguintes recursos:

- Flexibilización do tempo para a realización das actividades.
- Uso de materiais heteroxéneos que favorezan a motivación e a aprendizaxe.
- Información complementaria e apoio das familias
- Actividades motóricas e de relaxación.
- Propostas didácticas complementarias e compensadoras.

Manterase unha coordinación docente que facilite a continuidade do proceso educativo interniveis e interetapas.

Establecerase unha relación estreita coas familias a fin de facilitar estratexias de actuación coordinadas:

A participación activa no proceso educativo dos pais e nais é totalmente decisiva, por un lado pola valiosa información que poden subministrar acerca da evolución e interaccións da súa filla ou fillo dentro e fóra do ambiente familiar, e polo outro polo reforzo tan positivo que poden exercer no desenvolvemento da nena ou neno cando se produce un bo entendemento e colaboración.

Ás veces é difícil conseguir que as familias confíen desde o primeiro momento toda a información cando a súa filla ou fillo presente algún atranco, polo que amosaremos unha actitude de boa acollida cara estes nenos e nenas e xeraremos un clima de seguridade e confianza coas familias para que faciliten toda a información posible, ao tempo subministrarlles o asesoramento necesario para lograr unha actuación conxunta e axeitada ás necesidades.

En resumo:

- Basearémonos en principios inclusivos, integradores e non discriminatorios.

- Adaptaremos as propostas as características persoais, necesidades, intereses e estilos e ritmos de aprendizaxe de cada criatura.
- Traballaremos de forma coordinada co Departamento de Orientación para atender os casos de alumnado con N.E.A. E.
- Estableceremos cauces de colaboración e participación activa coas familias do noso alumnado fomentando o concepto inclusivo da escola.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Coidado do medioambiente	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X	X	X	X
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X	X
ET.4 - Coidado do medioambiente	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X	X
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X	X	X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas de campo	realizaremos distintas saídas para afondar nos traballos de aula	X	X	X
Visitas ao centro	Virán ao centro familias ou persoas expertas que veñen a facer aportacións sobre o proxecto "Outes con memoria"	X	X	X



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións e festas	a comunidade educativa poderá celebrar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Contacontos	ao longo do curso realizaranse contacontos interetapas.	X	X	X
Saída fin de curso	actividades lúdicas para conmemorar o final de curso.			X

**Observacións:**

Dentro da nosa PXA contemplamos todas estas actividades e cabe a posibilidade de que xurdan durante o curso actividades didácticas ocasionais as que asistiremos e que iremos recollendo ao longo do curso.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Temporalización de actividades adecuada
Metodoloxía empregada
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Empréganse diversos recursos didácticos
Medidas de atención á diversidade
Contéplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Clima de traballo na aula
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

**Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

**9. Outros apartados**

**1. Organización temporal**

Organizarase dentro dunha perspectiva globalizada e incluírá actividades que permitan respetar o ritmo de actividade, xogo e descanso do alumnado. Teremos presente o principio de flexibilidade, combinando tempos de actividades específicas, segundo as características e necesidades dos nenos e nenas. Respetaremos o ritmos de aprendizaxe do noso alumnado, dándolles o tempo preciso para a adquisición das distintas aprendizaxes. Ao longo da xornada estableceremos sesións de traballo onde abordaremos contidos das tres áreas da educación infantil de xeito globalizado, procurando a adquisición progresiva das distintas competencias, estableceremos momentos de descanso e relaxación e organizaremos sesións de libre circulación onde poderán escoller os espazos e propostas didácticas onde queiran xogar respetando as súas preferencias e desenvolvendo a súa autonomía.